



## **SESION ORGANIZATIVA DO PLENO DA CORPORACION CORRESPONDENTE O DIA 8 DE XULLO DE 2.019**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas do día oito de xullo de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa asistencia do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Francisco Antonio García Fornos, D<sup>a</sup> Tamara Ballesteros Vidueira, D<sup>a</sup> Cristina Clavería Alves, D. Francisco Fernandes Pires e D<sup>a</sup> Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG; D. José Rodríguez Gómez do PSdeG e D. Jesús Río Piornedo do PP, actuando como Secretario da Corporación, D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ao obxecto de celebrar a Sesión de Pleno en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

### **1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 15/06/2019.**

Por asentimento unánime dos asistentes foi aprobada a acta da sesión anterior.

### **2º.- CONSTITUCIÓN DE GRUPOS MUNICIPAIS E DESIGNACIÓN DE PORTAVOCES.**

Unha vez constituída a Corporación Municipal o pasado 15 de xuño de 2019 é preciso, ó abeiro do disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, proceder dentro dos 5 días hábiles seguintes conformar os GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Indica o Sr. Secretario que en tempo e forma quedaron conformados os seguintes grupos na nova Corporación Municipal:

#### **- Grupo Municipal do BNG**

Integrantes: D. Rafael Pérez Vázquez, D. Antonio Blanco Martínez, D. Fco. Antonio García Fornos, D<sup>a</sup> Tamara Ballesteros Vidueira, D<sup>a</sup> Cristina Clavería Alves, D. Fco. Fernández Pires e D<sup>a</sup> Susana Fernández Tomás.

Voceira titular: D<sup>a</sup> Cristina Clavería Alves.

Voceira suplente: D<sup>a</sup> Tamara Ballesteros Vidueira.

#### **- Grupo Municipal Popular**

Integrante e Voceiro: D. Jesús Río Piornedo

#### **- Grupo Municipal PSdeG-PSOE**

Integrante e Voceiro: D. José Rodríguez Gómez.

O Pleno da Corporación dase por enteirado.

### **3º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓN DO PLENO.**

Expón a Alcaldía a proposta de celebrar sesión plenarias ordinarias cada 2 meses coincidindo cos meses impares: xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro, e novembro, o primeiro luns ás 20,00 horas nos meses de verán e primavera e ás 19,00 horas nos meses de inverno e outono. No caso de que o primeiro luns destes meses coincidese en día festivo pasaría ó día seguinte hábil.

O Pleno da Corporación por unanimidades aproba a proposta da Alcaldía quedando establecido o novo réxime de sesión plenarias ordinarias para o presente mandato 2019-2023.

### **4º.- PROPOSTA DE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

Segundo o disposto no artigo 116 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local e concordantes propón a Alcaldía constituir a Comisión de Facenda e Especial de Contas e a Comisión de Asuntos non económicos do Pleno. Indica que se propón a proporcionalidade de 3 integrantes do BNG, 1 do PP e 1 do PSdeG-PSOE.

Sometida a votación a presente proposta foi aprobada por unanimidade quedando establecidos a Comisión de Facenda e Especial de Contas integrada por D. Antonio Blanco





Martínez, D. Fco. Antonio García Fornos e D<sup>a</sup> Tamara Ballesteros Vidueira polo BNG, D. José Rodríguez Gómez polo PSdeG-PSOE e D. Jesús Río Piornedo polo PP.

A Comisión de Asuntos non económicos do Pleno estará integrada por D. Rafael Pérez Vázquez, D. Antonio Blanco Martínez, D. Francisco Fernández Pires polo BNG, D. José Rodríguez Gómez polo PSdeG-PSOE e D. Jesús Río Piornedo polo PP.

### **5º.- PROPOSTA DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Tendo en conta que pola lexislación vixente non é necesaria en Concellos de menos de 5.000 habitantes a existencia da Xunta de Goberno Local e sendo preciso que a súa creación sexa acordada polo Pleno da Corporación.

Considerando que o seu funcionamento mellorará a xestión municipal, permitindo coa súa existencia unha mellor coordinación do goberno municipal propónse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO:** Aprobar a creación da XUNTA DE GOBERNO LOCAL ó abeiro do disposto no artigo 59.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e do disposto nos artigos 46, 52 e 53 do RD 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización o Funcionamento das Corporacións Locais.

**SEGUNDO:** Ó abeiro do disposto no artigo 52 do referido RD 2568/1986 precisar que integran a Xunta de Goberno Local ós Tenentes de Alcalde nomeados: 1º Tenente de Alcalde D. Antonio Blanco Martínez, 2º Tenente de Alcalde D<sup>a</sup> Tamara Ballesteros Vidueira e 3º Tenente de Alcalde Francisco Antonio García Fornos.

**TERCEIRO:** A Xunta de Goberno Local terá as competencias establecidas no artigo 53 do referido RD 2568/1986 de asistencia permanente ó Alcalde e ás delegadas pola Alcaldía que se relacionan:

#### *I.- EN MATERIA URBANÍSTICA E LICENCIAS.*

1.- O outorgamento e no seu caso, denegación de Licencias de edificación, demolición e urbanísticas en xeral que impliquen actos de uso do solo e subsolo e requiran previa licencia

urbanística, instadas ou realizadas por particulares, empresas ou Entidades Públicas, así como de uso e reserva de bens municipais.

2.- A emisión de informacións urbanísticas.

3.- A emisión de informes en actividades sometidas a tramitación ambiental, así como a concesión das correspondentes licencias.

4.- A Resolución de expedientes contra particulares por infraccións urbanísticas ou de normas de policía urbana, rural e medio ambiente, sen prexuízo das atribucións de impulsión de tramites e expedientes pola Alcaldía, así como a adopción das medidas precisas para protexer a legalidade urbanística.

5.- Autorizacións de cambio de vehículos nas actividades suxeitas a licencia e relacionadas co transporte público de competencia municipal.

6.- Autorizacións para conectar ás redes de abastecemento e saneamento, así como para calquera outro subministro que preste o Concello.

#### *II.- EN MATERIA ECONÓMICO-FINANCIERA.*

1.- A autorización e disposición ou compromiso de gastos e o recoñecemento das obrigacións, nos contratos menores, de obras, servizos ou subministros, dentro dos límites de competencia da Alcaldía. Este punto poderase modificar nas bases de execución dos orzamentos municipais.

2.- A autorización e disposición ou compromiso de gasto e recoñecemento das obrigacións derivadas dos gastos de material non inventariable, subministros menores e os de carácter periódico e tracto sucesivo, tales como as de telefonía, fax, eléctricos e demais que inclúe o Art. 219.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.





3.- En xeral o desenvolvemento da xestión económica de acordo co Presuposto aprobado e según o disposto nas Bases de Execución do mesmo.

4.- A organización dos servizos de Recadación e Tesourería, sen prexuízo das facultades do Pleno para aprobar as formas de xestión de estes servizos, así como a de aprobar todo tipo de padróns tributarios, listas cobratorias de exaccións municipais.

### III.- OUTRAS MATERIAS.

1.- A análise de cantos escritos sobre información, ampliación da mesma, aclaracións, etc., podan presentar os particulares, asociacións, entidades públicas e privadas e non sexan de competencia do Pleno.

2.- A análise e posterior emisión do acto administrativo que corresponde, de cantas solicitudes e escritos en xeral teñan entrada a través do Rexistro Xeral do Concello e presenten particulares, asociacións, entidades públicas e privadas e non sexa a súa resolución de competencia do Pleno, salvo a solicitude de certificados de empadramento, convivencia, ou calquera outra certificación ou informe que verificado o Padrón Municipal de Habitantes, a situación de feito ou, no seu caso, o Padrón Fiscal correspondente, non necesiten del ulteriores informes ou comprobacións.

**CUARTO:** O Réxime Xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do RD 2568/1986.

**QUINTO:** Publicar o presente acordo no BOP e surtindo efectos dende o día seguinte á probación polo Pleno da Corporación.

Sometido pola Presidencia a votación o presente punto, foi aprobada literalmente a proposta da Alcaldía cos votos a favor do Grupo Municipal do BNG e as abstencións dos concelleiros do PSdeG-PSOE e PP. Así mesmo apróbase que a Xunta de Goberno Local celebre sesións ordinarias o 2º e o 4º luns de cada mes ás 20,00 horas.

### **6º.- COÑECEMENTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NOMEAMENTOS TENENTES DE ALCALDE.**

Dase lectura a seguinte Resolución da Alcaldía pola que se procede ó nomeamento de Tenentes de Alcalde:

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto que por Providencia de Alcaldía de data 02/07/2019, iniciouse expediente relativo ao nomeamento de Tenentes de Alcalde no citado cargo.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido nos artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 41.3 e 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Designar como Tenente de Alcalde desta Corporación a

<b>1º Tenente Alcalde</b>	ANTONIO BLANCO MARTÍNEZ
<b>2º Tenente Alcalde</b>	TAMARA BALLESTEROS VIDUEIRA
<b>3º Tenente Alcalde</b>	FCO. ANTONIO GARCÍA FORNOS





**SEGUNDO.** Notificar persoalmente a resolución aos designados que, salvo manifestación expresa, considerárase aceptada tácitamente.

**TERCEIRO.** Remitir a citada resolución ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación no mesmo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde se nela non se dispuxese outra cousa. Igualmente publicarase no taboleiro de edictos do Concello.

**CUARTO.** Dar conta ao Pleno desta resolución na primeira sesión que se celebre. O Pleno da Corporación dase por enteirado e toma razón.

### **7º.- COÑECEMENTO RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA NOMEAMENTOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA.**

Procédese á lectura da seguinte Resolución:

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Ao abeiro do disposto nos artigos 43 e 44 do RD 2568/86 do 28 de novembro mediante a presente Resolución nomeo concelleiras das Áreas de Cultura, Mocidade e Deportes, Servizos Sociais e Benestar a D<sup>a</sup> TAMARA BALLESTEROS VIDUEIRA e D<sup>a</sup> CRISTINA CLAVERÍA ALVES. Esta delegación comprende a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes a estas áreas. Non inclúe a facultade de emitir actos que afecten a terceiros nin en consecuencia a de resolver na vía administrativa.

Notifíquese persoalmente a presente Resolución ás designadas que se considerará aceptada tácitamente salvo manifestación expresa. Remítase ao BOP para a súa publicación, así como no taboleiros de anuncios do Concello e dese conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

### **8º.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO CONSELLO ESCOLAR E NO GDR DE MONTEDEVAL.**

Por parte da Alcaldía indícase a proposta de nomear a D<sup>a</sup> Susana Fernández Tomás como representante municipal no Consello Escolar do CEIP de A Mezquita e manifesta que él mesmo asume a representación do Concello no G.D.R. Monteval. O Pleno da Corporación cos votos a favor do Grupo Municipal do BNG e a abstención dos concelleiros do PP e do PSdeG-PSOE aproba por maioría a proposta presentada.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as vinte horas e dezaseis minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

